


ACTA VI



Acta do Tribunal para a selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE". Fase de revisión das alegacións presentadas á lista de persoas candidatas admitidas e excluídas do equipo directivo e docente.

No Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames, sito en Aldea Nova, sendo as 9:00 horas do día 08 de xuño do 2026, réunese o Tribunal encargado da selección do persoal directivo, docente e do alumnado-traballador do obradoiro dual de emprego "RENOVA VERDE", comparecendo os seguintes membros:

Presidenta: María Lloves Castro, Concello de Ames.

Secretaria: María Dolores Torrado Ares, Concello de Brión.

Vogais:




Juan Carlos Carreja Iglesias, Concello de Ames.

Eva Vidal Caamaño, Concello de Brión.


Pablo Bello Nieto, Concello de Ames.

Obxecto da sesión:



Constitúe o obxecto da presente sesión a revisión das alegacións e da documentación acreditativa relativa a ditas alegacións, presentadas polas persoas candidatas para os postos do equipo directivo e docente do obradoiro RENOVA VERDE.


Resultado da revisión das alegacións e da documentación acreditativa relativa a ditas alegacións presentadas polas persoas candidatas:



Á vista das alegacións presentadas no prazo establecido e da documentación acreditativa para a xustificación de ditas alegacións, este Tribunal acorda publicar o resultado da citada revisión, así como as listaxes definitivas das persoas candidatas admitidas e excluídas e a causa definitiva de exclusión para os diferentes postos do equipo directivo e docente convocados nas bases do proceso selectivo, aprobadas por Decreto da Alcaldía de Ames nº 1512/2026 do 22 de maio.

O resultado da revisión das alegacións figuran como Anexo I da presente Acta.

As listaxes definitivas das persoas candidatas admitidas e excluídas e a causa definitiva de exclusión son as que figuran como Anexo II da presenta Acta.



Cumprido o obxecto da reunión, dáse por rematado o acto, sendo as 15:00 horas do día de referencia, do que se estende a presente acta que asinan as persoas asistentes.

ANEXO I

RESULTADOS DA REVISIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS ÁS LISTAXES PROVISIONAIS DAS PERSOAS CANDIDATAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA OS DIFERENTES POSTOS DO EQUIPO DIRECTIVO E DOCENTE

En canto ao referido no escrito de reclamación á exclusión do proceso de selección para o posto de Mestre de Instalación Solares Fotovoltaicas do Obradoiro de Emprego RENOVA VERDE por Bermúdez Tajés, Evaristo:

1º - Presenta alegacións ao cumprimento do requisito de "Ter experiencia profesional de, ao menos, catro anos axustada aos estándares de competencia ou elementos de competencia asociados aos módulos profesionais ou bloques formativos a impartir". O candidato alega que cumpre dito requisito, aportando a seguinte documentación:

"Informe de Vida Laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS), que constata a alta e o tempo efectivo de servizos."

"Certificación de empresa descritiva, na cal consta de xeito específico a duración exacta dos períodos de prestación, o intervalo temporal e o desglose detallado das actividades e funcións desenvolvidas."

2º - Presenta alegacións ao cumprimento do requisito de estar en posesión de Carné de conducir B. O candidato alega que foi presentada en prazo a documentación acreditativa de dito requisito.

"2. O permiso de conducir tipo B, foi presentado a través do rexistro telemático do concello, o día 02-06-2026 ás 23:08:28 horas con n.º 15309, (a.jurisdiccionales), figurando coa seguinte " REF: 15220IDOC2C78F0804F 226A244A0. ANEXAR o carnet de conducir na solicitude de Mestre para o obradoiro de emprego ENAE0108 do programa RENOVA VERDE".

De conformidade ao exposto pola persoa candidata, o **Tribunal acorda:**

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas por:

Bermúdez Tajés, Evaristo

1º - De conformidade co referido nas bases publicadas, no "Anexo I. Criterios e baremo para a selección do persoal do obradoiro de emprego - Criterios xerais para todos os postos - Documentación":

"A experiencia profesional, que deberá xustificarse:

• *Traballo por conta allea: contratos de traballo ou certificados de empresa acompañados do informe da vida laboral expedida pola Seguridade Social sempre que poida acreditarse a categoría profesional desempeñada.*"

O escrito presentado da empresa KOXKA NAVARRA S.A., con CIF: A31.067.925, xunto co escrito de reclamación, non corresponde a un certificado oficial de empresa referido a ese período laboral.

Tampouco se recolle no citado escrito referencia algunha á categoría profesional desempeñada, tal e como indica o punto referido das bases.

Non se presenta contrato laboral referido a ese período e empresa.

De conformidade con RD 617/2013, de 2 de agosto que modifica o RD 1381/2008, de 1 de agosto, que regula o certificado de profesionalidade de referencia (ENAE0108) no que a "Experiencia profesional requirida no ámbito da Unidade de Competencia sin acreditación" esixe un mínimo de 3 anos de experiencia laboral, este requisito non queda acreditado coa documentación presentada e requirida no "Anexo I. Criterios e baremo para a selección do persoal do obradoiro de emprego - Criterios xerais para todos os postos - Documentación" das bases publicadas.

Polo que antecede, no referido a este punto DESESTÍMASE a reclamación presentada.

2ª – No relativo ás alegacións ao cumprimento do requisito de estar en posesión de:
Carné de conducir B.

Unha vez feitas as comprobacións oportunas, confírmase que a citada documentación (Carné de conducir B) que é un dos requisitos mínimos esixidos para o posto, foi presentada en prazo. Por un erro do Tribunal, non foi tida en conta para a admisión do candidato.

Polo que antecede, tense en conta a documentación presentada en prazo respecto a este requisito.

Por todo a anterior, este Tribunal acorda confirmar a exclusión do candidato Bermúdez Tajés, Evaristo para o posto de "Mestre Con Formación Especializada En Instalacións Fotovoltaicas" por non acreditar o cumprimento da totalidade dos requisitos mínimos esixidos.

En canto ao referido no escrito de reclamación á exclusión do proceso de selección para o posto de Técnico/A Coordinador/a de Formación do Obradoiro de Emprego RENOVA VERDE por Portela Iglesias, Sandra María:

1º - Presenta alegacións ao erro na publicación na Acta anterior dos seus datos persoais, facendo constar correctamente o seu nome e apelidos como Sandra María Portela Iglesias.

2º - Presenta alegacións para que se revise o motivo de exclusión "Non acredita experiencia profesional mínima, á vista da documentación achegada, e se considere acreditado o cumprimento do requisito de experiencia profesional establecido nas bases da convocatoria."

3º. - Presenta alegacións para que se valoren os contratos formalizados co Concello de Cuntis durante o ano 2023, o currículo emitido pola Oficina Virtual de Emprego da Xunta de Galicia, o documento desagregado de experiencia profesional e o resto da documentación presentada."

4º – Presenta alegacións para que, tras a revisión da documentación presentada, se recoñeza o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases e se proceda a súa inclusión na relación definitiva de persoas admitidas, se así corresponde.

De conformidade ao exposto pola persoa candidata, **o Tribunal acorda:**

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por:

Portela Iglesias, Sandra María

1º – Révisase e acredítase o erro formal na Acta anterior respecto aos seus datos persoais, polo que procede a súa corrección por parte deste Tribunal, sendo o nome e apelidos correctos: Sandra María Portela Iglesias.

2º – Révisase a documentación acreditativa da experiencia profesional mínima requirida de 48 meses na ocupación. Á vista de revisión solicitada e da documentación aportada, estímase que se xustifica e acredita suficientemente.

3º - Révisase a documentación acreditativa da experiencia profesional para que se valoren os contratos formalizados co Concello de Cuntis durante o ano 2023. Á vista de revisión solicitada e da documentación aportada, estímase que se xustifica e acredita suficientemente.

Polo que antecede, ESTÍMASE a reclamación presentada.

En canto ao referido no escrito de reclamación á exclusión do proceso de selección para o posto de Docente de Xardinería do Obradoiro de Emprego RENOVA VERDE por Beatriz Pérez-Parallé Mera:

1º – Presenta dentro do prazo de alegacións a instancia de solicitude a efectos de formar parte na listaxe definitivo de persoas admitidas.

De conformidade co exposto pola persoa candidata, **o Tribunal acorda:**

Primeiro.- A inclusión da persoa candidata na listaxe definitiva de persoas admitidas.

En canto ao referido no escrito de reclamación á exclusión do proceso de selección para o posto de Director/a do Obradoiro de Emprego RENOVA VERDE por Gude Crujeiras, José Fernando:

1º – Presenta alegacións ao cumprimento dos requisitos mínimos específicos no apartado "Criterios e baremos para a selección dun/dunha Director/a", no apartado "Requisitos Lingüísticos": "*Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acrediten deberan superar unha proba de coñecemento da lingua galega que consistira nunha proba oral.*"

A persoa candidata, dado que non acredita o cumprimento de dito requisito, expresa no escrito o desexo de facer unha proba oral de coñecemento da lingua galega, tal e como se estipula nas bases.

De conformidade coa anterior motivación, **o Tribunal acorda:**

Primeiro.- Estimar a alegación presentada por Gude Crujeiras, José Fernando:

A persoa candidata será citada o día 9 de xuño de 2026 ás 12 h. no Centro de Formación e Emprego do Concello de Ames para facer a proba a efectos de acreditar o cumprimento do requisito de nivel de coñecemento de lingua galega CELGA 4, e determinar o cumprimento do requisito.

En canto ao referido no escrito de reclamación á exclusión do proceso de selección para o posto de Técnico/A Coordinador/a de Formación do Obradoiro de Emprego RENOVA VERDE por do Obradoiro de Emprego RENOVA VERDE por Castro Gundín, Ana Mª:

1º - Presenta alegacións para que se revise o motivo de exclusión por *non acreditar experiencia profesional mínima de 48 meses esixida nas bases da convocatoria e se valore a experiencia laboral acreditada mediante a documentación achegada en prazo.*

De conformidade ao exposto pola persoa candidata, **o Tribunal acorda:**

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas por:

Castro Gundín, Ana Mª

1º – Revisase a documentación acreditativa da experiencia profesional mínima requirida de 48 meses na ocupación. Á vista de revisión solicitada e da documentación aportada, estímase que se xustifica e acredita suficientemente.

Polo que antecede, ESTÍMASE a reclamación presentada.

ANEXO II

LISTAXES DEFINITIVAS DAS PERSOAS CANDIDATAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

POSTO: DIRECTOR/A

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS		
APELIDOS	NOME	DNI
BLANCO SANDE	ALICIA	***3235**
PAZ LEON	JUAN PABLO	***3611**
CORA LOPEZ	ANTONIO LUIS	***9447**
VARELA IGLESIAS	MANUEL	***1482**
NOVO LOMBAO	ANDRES FRANCISCO	***8332**
ROMERO YAÑEZ	M ^a DOLORES	***5724**
LOPEZ QUIROGA	IGNACIO	***5871**
GUDE CRUJEIRAS	JOSE FERNANDO	***4517**

LISTAXE DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS			
APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
RAMOS NOGUEIRA	FRANCISCO JAVIER	***9494**	Non acredita experiencia profesional mínima
POSE VEIGA	MINERVA	***2686**	Non acredita experiencia profesional mínima

POSTO: TÉCNICO/A COORDINADOR/A

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS		
APELIDOS	NOME	DNI
CASTRO GUNDIN	ANA M. ^a	***3884**
CORRAL GOIRIZ	BEGOÑA	***5700**
PORTELA SEIJAS	SANDRA	***0316**

LISTAXE DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS			
APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
LOIS LOPEZ	UXIA	***8354**	Non acredita experiencia profesional mínima
VAZQUEZ VIGO	LETICIA	***4475**	Non acredita experiencia profesional mínima
MUÑOS MARTINEZ	ANTIA	***8172**	Non acredita experiencia profesional mínima
MOURE PIÑEIRO	IAGO	***7947**	Non acredita experiencia profesional mínima. Non acredita coñecemento lingua galega (CELGA 4)
RODRIGUEZ CAMINO	LAURA	***4657**	Non acredita experiencia profesional mínima. Non acredita titulación mínima requirida
VÁZQUEZ PENA	MARTA	***3817**	Non acredita experiencia profesional mínima

POSTO: DOCENTE XARDINERÍA

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS		
APELIDOS	NOME	DNI
CORRAL VILELA	M ISABEL	***9285**
LIÑEIRA XASAL	SANTIAGO	***6492**
NOVO LOMBAO	ANDRES FRANCISCO	***8332**
PEREZ-PARALLÉ MERA	BEATRIZ	***8351**
PEREZ VAZQUEZ	DARIO MANUEL	***7116**

LISTAXE DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS			
APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
CABALLERO PASTORIZA	JOSÉ ANGEL	***9390**	Non achega instancia de solicitude. Non achega permiso de conducir B
GABLER GONZALEZ	FERNANDO	***5280**	Non acredita coñecemento lingua galega (CELGA 4)
PUENTE VAZQUEZ	RAMON	***5231**	Non acredita coñecemento lingua galega (CELGA 4)

POSTO: DOCENTE INSTALACIÓNS FOTOVOLTAICAS

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS		
APELIDOS	NOME	DNI
VAZQUEZ CAAMAÑO	FERNANDO	***4401**

LISTAXE DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS			
APELIDOS	NOME	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
BERMUDEZ TAJES	EVARISTO	***7700**	Non acredita titulación requirida no certificado de profesionalidade a impartir.